# O CARPAZO



Periodio escolar do
COLEXIO DE BLANCOS

Nº 2

Colaboraron na revista os nenos de 5º de EXB do colexio dos Blancos

Este equipo esta formado por:

Manuel Angel Lorenzo Reigada
Aurora Estévez Pena
Juan Barreiro Gardón
Pura Barja Barja
Rosa Mary Quiroga García
Carlos Lopes Pérez
Julio Gómez Gardón
Ruben Estévez Estévez
Juan Miguel García Rodriguez

# O CABALO DE MAHOMA

Montura de Mahoma no ~~seu~~ viaxe nocturno os ceos, que os musulmans celebran soamente cada ano o 28 do mes rajab. A medianoite, Mahoma despertouse o ouvir unha voz que lle dicia: "¡Desperta, deixa de durmir"! Entonces viu xunto a él o Anxel Gabriel. Presentou a Mahoma un corcel blanco de formas e caracteristicas maravillosas. Era unha femia e por o seu increibe esplendor e velocidade recibiu o nombre de Buraq «Relampago».



# BURAQ», «A EGUA DE MAHOMA



Montura de Mahoma
no seu viaxe noctur
os ceos, que os musu
mans celebran soa
te cada ano o 28 de
mes ragab. A me
noite, Mahoma desp
touse o ouvir unha
voz que lle dicía:
Desperta, deixa de
durmir!" Entonces
aiu xunto a il o
anxel Xabriel.
Presentou a Mahom
o cordel Blanco d
formas e caracterist
marabillosas. Era unha femia e polo seu
Increible explendor e velocidade recibiu o
nome de Buraq «Relámpago».

LENDA=O XASTRE O CADELO E A CAST

Unha castaña iba polo monte arriba, e encontrouse cun cadelo que correu detras dela hasta pillala, e mordeuna e dixo a castana:

-¡Non me comas! ¡non me comas! ¡eu son unha castaña! non un rato.

E dixo o cadelo:

- Pois agora xa che arrancei un pelexo.

- ¿E agora cómo o remendo?

- Vamos ondo xastre.

O chegar onda o xastre, dixo o xast

- pois agora non sei se terei un pedazo de tela dese cor teu, teño un mais claro.

E a castaña sólo queria que a arremendase dixo:

-Tanto da.

Coseuna o xastre.

E por eso todas as castañas teñen un remendo dun cor mais claro.



FIN

CONTO

# A SEÑORA E ALMOALDO

Almoaldo ¿Cume caldo?

_Non señora que me escaldo

Almoaldo ¿Cume lica?

_Non señora que me pica

- Almoaldo ¿queres pan?

Quero, quero, se mo dan

Pois, vai polo coitelo

Non, señora, non o quero

¡Demo de lacazán! ¡que por non ir polo coitelo non come o pan!



# O País do "Sub- diante

Felipe o Fermoso que era o home mais experto en linguas, mandárono ir o país do "sub-diante"

O chegar preguntoulle on home:
¿Podiasme decir que significa o país do "sub-diante?
O home sacou da mochila un paraguas e dixolle:
- ¿Sabes o que é isto?
- ¡Home, claro! é un paraguas.
Que va, e un subparaguas que sirve pa cando estás lonxe da casa darlle on botón e saes disparado para a casa.
- Magnifico.
¿E que mais tedes?

- Temos moitos sub- coches.
Quererás dicir moitos coches.

Non, quero dicir un supercoche que bota caramelos polo tubo de escape. E tamén temos moitos sub-avións que tiran galletas e dulces desde o ceo.
- Cómo me gustaria poder vivir neste país.
¡E fantastico!

# CONTO

## O tio Carreira

Era unha vez un home que lle chamaban o tio Carreira. E un dia indo a coller unhas vimes viu vir cara ela o tio Xan de Barta.

E entón ia dicindo cara os seus adentros. «Carafios» haivenoXan, e xa sei eu que cousas me vai preguntar. Primeiro preguntarame para onde vou, despois preguntarame para que son as vimes e por último ha me de preguntar pola porca que me vendeu
Asi que xa sei o que lle ei de responder.
Pero o Xan preguntoulle outras cousas escoitadeas.

«¿Vos dias tio Carreira?»

— ¡Vou as berzas!

«¿Non lle dixen eso?»

—¡Son para un cesto!—

«¿E a tia Carolina?»

— ¡Ainda non andivo o macho!—



# CONTO

# O Meu Pai é o ZORRO



Esta historia ocurrulle o meu pai cando era pequeno cos seus avos.

Un dia os mozos de Vilar deronlle unha pistola para que lla dese o ferreiro que se chamaba Francisco.

Pero de mote chamabanlle «ZORRO» o meu pai levoulla y cando chegou berrou: ¡Francisco! ¡Francisco! sae o ferreiro e dixo: ¿Que?

— Arranxasme a pistola —

E contestoulle o ferreiro:

— Bueno.

O rapaz marchou pensando que lla iba arranxar, po dia seguinte os mozos dixeronlle:

— ¿Manuel? agora a mañá vas onda o ferreiro e preguntaslle se che arranxou a pistola, senon chamaslle Zorro.

E a la foi e chamou po-lo ferreiro:

¡Fansisco! ¡Fansisco!

— ¿Que? —

— ¿Arranxachesme a pistola? —

— non —



vai o rapaz e chamoulle: ¡Sorriño!, ¡Sorriño!, e o ferreiro detras del. O pobre rapaz corria que se mataba e como era coxo rapaz os mozos o ver como corria o rapaz rian que se mataban.

# RUTA TURISTICA NOS BLANCOS



Hai nenos do municipio dos Blancos que se aburren porque os domingos non saben onde ir.
Os nenos de quinto invitamoslles a facer unha ruta turistica.
Para demostrarlles que nos Blancos podemos ver moitas cousas.
Imos comenzar por os "cruceiros" que son unhas pezas moi bonitas.
Haínos en: Aguis, Fontercada, Loureses, Blancos, Corvelas.
Logo podemos ver os "Muiños" no río Aironá desde Nocedo ata Fontercada (onde nace o río), hai unhos trinta muiños maquileiros (medida que cobraban por moe
Hoxe estan en ruinas pero fai unhos trinta anos era fonte de riqueza pa a xente que os tiña.
Outra cousa que podemos visitar na nosa bisbarra son os "Fornos Publicos" onde

se cocian unha vez o mes, o peor era a quenta do forno; era costume no pobo quentar o forno a xente mais rica, e os mais pobres ian o último.
Tamén nos Blancos temos os "Petos".
Hai ruinas do Oratorio. Paleo-cristiano en Ourigo.
Ruinas do mosteiro en Fontercada.
Ruinas do castelo de Aguiar da Moa (Raiña Loba).

Xa por último podemos visitar na nosa bisbarra o Pazo de Altamiranos (familia de conquistadores de Trujillo). Este atopase en Vilar de Covelas.



ENTREVISTA: O SEÑOR ALCALDE

¿Cánto tempo leva de alcalde?

-

- Dezasete anos.

¿Cál e a súa labor na alcaldía?

Facelo todo ben.



¿Quenes colaboran con vóstede?

Todo o municipio

¿É difícil o seu traballo?

Non

¿Por que partido ganou a súa alcald

- Por independientes

¿Ten a obriga de asistir a moitos ac sociais?

- Si

¿ Gustaríalle colaborar con tantiños cartos a unha excursión de fin de curso?

- Si.

Subencion o Patronato Curros Enriquez



Casa museo "Curros Enriquez", unha vez restaurada sera o primeiro piso dedicada o museo propiamente dito e nel colocaran todos aqueles obxetos relacionamos co poeta.

E na segunda pranta ubicarase no museo, de Celso Emilio Ferreiro, Castor Elices, Manuel de Con, Fernandez Lozada, Mendez Ferrin etc: es decir dedicado a esa ampl da galeria de personaxes celanovenses que houbesen destacado por cualquer motivo e que as suas respectivas traectoria que teran un valor historico, artistico cultural, e incluso anecdotico aunque confor-me vaise incrementando a biblioteca onde se gardaran perfetamente catalogados as sucesivas edicions das obras do autor, os estudios publicado sobre as mesmas, biografias, etc; mentras que nas paredes colganse os cadros que representan diferentes aspectos da sua vida e da sua obra



Curros Enriquez



# DE LABORATORIO

## ACUARIO



## TERRARIO



Para preparar un acuario, o primeiro paso será conseguir unha peceira ou un frasco grande de vidrio de boca ancha, e, por su posto transparente.
Logo enche o frasco de auga, deixase en reposo uns dias e enton coloca fentos de auga e outras plantiñas acuaticas. Estas osixenaran a auga con o que se evitara tela que cambiar diariamente.
¡Agora, si! Pon pececiños e caracolas de auga dalle alimentos adecuados.

A maneira sinxela de realizalo e emplear unha peceir ou un frasco granc cubre o fondo con ter e area, e, coloca tar unha pequena lata con auga podes plantar alguns rexe pequenos e elexir u lugar sen que o s non lle chege directamente con os seus raios.
Finalmente, coloca e os bichiños.
Na parte superior terrario deberala cub con unha tapa realizada con un, bastidor de madeir e texido de alambr fino.

# O LOBO

O lobo e moi parecido algúns cans.
As lobas pairen os lobiños nun cocho o abrigo, das pedras ou das matorreiras.
Son carnivoros e por eso casan outros animais do monte. Pero o que máis eles gusta son as ovellas.
Vive na serra; pero cando hay moita neve, vense cerquiña das aldeas. Algunhas noites síntese ouvear.



# DESCRIPCION DUN ANIMAL.

## ''Rousinol común

Mide: 16,5 cm.

As castas e o rabo de cor castaño
as partes inferiores pardo blanquecino.
ollos grandes, visitante estival de
España criándolo en todo o país.
O rousinol e paxaro moi tímido
pero na época de cría os seus
pios adverten da súa presencia son
dos poucos paxaros que
cantan de noite pero tamén
se poden oir de dia.



# A RÁ

- Animal vertebrado do grupo dos anfibios.

- Alimentacion carnazal

Adaptado o brinco e a natacion

Alento branquial
Cutáceo e pulmonar



Sufre metamorfose e pasa po-las seguintes fases:

- ovo
- cágado
- fase intermediá e
- ra adulta

# ☐ CEREIXO

- Arbore que da cereixas.
- Ten uns 5 m de altura.
- O seu tronco e liso.
- Follas dentadas.
- Frores brancas en racimos umbeliformes.



## Roseira

Arbusto rosáceo
ten frol e reproducese por semente e inxertos
tamén ten follas.
Vive nos lugares humedos e con moita
iluminacion





# O COMETA HALLEÍ

Xeneralidades: o Halleí foi analizado por un total de 885 especialistas o primeiro dos cuais foi Johannes, en 1607.

Pouco antes de que Edmund Hallei — centefico que da o seu apellido o cometa — calculou que cada 76 anos regresara a Terra.

A última aparicion do Hallei remontase 24 de Maio de 1911 última fecha na que o cometa estivo no alto do noso firmamento.

O pasado ano regresou fielmente a sua cita de novo.

Primeira probable aparición: 240 a.C.
Nº de aparicion rexistradas: 30.
Fecha na que se acercou mais a Terra: 10 de Abril do ano 837 a.C.
Fecha da proxima aparicion do Hallei: 2061.
Forma do cometa:

Diámetro do nucleo: 10 5 Km.
Peso total (estimación): 100.000 millon de Toneladas.
Distancia medida que percorre en cada segundo: 54,55 Km
Lonxitude da cola: 500 millons de Km.

RECETA

SARDIÑAS O LIMÓN





Ingredientes: 1 Kg de sardiña grandes, 2 limons 6 follas de laurel, 4 dentes de allo, 2 zanahorias, 1 pastilla de caldo de pescado e aceite.

PREPARACION

Limpar as sardiñas, abrila pola mitade e retirar a espina central. Colocar unh cazola de barro, duas foll de laurel, duas rodaxas m finas de limón e dous ou tre rodaxas de zanahoria; encir por unha capa de sardiñ e de novo limón, laurel e zanahoria. Facelo sucesivamente ata que se ha colocado todo o pescado. Añadir os allos, rocialos d aceite, espolvorealos.

RECETA

PREPARADO DE FIGADO



Ingredientes: sal, allo, perexil, pementón, laurel, cebola, especies variadas, aceite de figado.



PREPARACION

Cortase en trociños, guis acompañase con patatas. etc.....



# COCIDO GALEGO



Ingredientes do cocido (para cuatro persoas):

1 kg de falda de vitela.



Un polo da casa.
1 Kg de costela de porco salgada
1/2 cachucha de porco salgada
1 Kg de lacon
1 Kg de osos do lombelo
12 chourizos
16 patacas grandes
2 Repolos (se e no verán)
4 mañizas de grelos (se e no inverno)

Preparacion:

Ponse toda a carne a cocer nunha ola grande.
Unha vez cocida, coase ben coada e retirase a unha prata, despois a repartense en duas olas.
Nunha cocense as patatas e seis chourizos e na outra outros seis chourizos xunto co repolo ou os grelos.
Unha vez cocido escoase todo ben e colocase nunha prata.



# FILLOAS CON MEL



Ingredientes (seis persoas)

50 gr. de fariña, un pouco azucre, 2 ovos, 10 gr. de manteiga
1,5 dl. de leite, unhas gotas de Cointreau. Un poco sal.
E mel.

Batese todo isto e a seguir coase a pasta. Deixase a repousada masa uns minutos. Nunha tixola preparanse as filloas, o mais finas posibles. Deixanse enfriar e colocar se extendidas nunha prata.

Presentacion:

Podense presentarlas filloas recheas con mel

# ORELLAS DO ENTROIDO



Ingredintes: 500 gr. de fariña.
Canela moída.
Anís.
3 ovos.
Zume de unha laranxa.
Zume dun limon.
100 gr. de azucre.
50 gr. de mantequilla.
1 vaso pequeno de leite.

Modo de facelo: Derretese a manteiga.
Amañase a fariña cun ovo enteiro, as outras




duas xemas, a manteiga derretida, un chisco de canela, o zume da naranxa e do limon, unhas gotas de anís, o azucre eo leite. Traballese ben a masa. Despois de traballa-la, engadenselle-las duas claras do ovo a punto de neve ata acadas unha pasta compacta. Estirase ben e dixase enfriar. Unha vez fria, cortase en anacos. Fritense os anacos nunha tixola con aceite e a lume non non moi forte. Xa fritidas espolvoreanse de azucre

RECETA

# PAELLA





Ingredientes: 1 coello, arroz, perexil, pemento morrón, aceitunas, aceit sal, mariscos variados

## PREPARACIÓN

Fratese o coello e o marisco.
Reunese na paelleira.
Por cada pocillo de arroz tres de auga
Vinte minutos de cocedura lenta



# AS PALABRAS E OS SEUS SIGNIFICADOS

| | |
|---|---|
| chave | Lume!" Chama labareda |
| Fogo | Instrumento que serve para facer corre-la lingua dunha ferradura |
| Chocar | Que ten chiste. Gracioso |
| Chistoso | Dar choque |

## Días da Seman - Vocabulario

| Castelán | Galego |
|---|---|
| Lunes | Luns |
| Martes | Mártes |
| Miercoles | Miércores |
| Jueves | Xóves |
| Viernes | Vénrés |
| Sábado | Sábado |
| Domingo | Domingo |

# Os dereitos dos nenos

1 Dereito a igualdade, sin destinción de rasa, credo ou nacionalidade.

2 Dereito a unha protección especial para o seu desenrolo, físico, mental e social



3 Dereito ó nome e a unha nacionalidade.

4 Dereito a unha alimentación, vivenda e atención médica adecuadas para o neno e para a nai

5 Dereito a unha educación e coidados especiais para o neno física ou mentalmente disminuido

6 Dereito a comprensión e amor por parte dos pais e da sociedade

7 Dereito a recibir educación, gratuita e a disfrutar dos xogos

8 Dereito a ser o primeiro en recibir axuda en caso de desastre

9 Dereito a ser protexido contra o abandono e a explotación no traballo

10 Dereito a formarse nun espíritu de solidaridade amistade, comprensión xusticia entre os pobos

# A MODA DO VERAN



# Exercicios de Ximnasia



# O BOTIQUIN

Elementos basicos
para casos de accidentes
Os mais usuais son.
Algodon, vendas, alcohol
mecromina, tintura de
iodo, gasa esterilisada
auga osixenada, esparadrapo
Xabrón, aspirinas, tixeiras
e productos para torceduras
e golpes.










# REFRANS



1º) Gato comedor mellor murmurador.

2º) Con pan e viño xa se anda no camiño

3º) Maio sen troldós e coma un home sen collós

4º) Mais vale calar ca mal falar.

5º) O primeiro de Maio quenta o sol coma o borrallo.

6º) Frebeiro cada fuco seu rigueiro.

7º) Raro e o Abril que non folgan os bois oito días nil.

8º) O que ten mañas non come castañas.

9º) Cando a candeloira ri o inverno está sen vir. Cando a candeloira chora metade do inverno vai dentro e metade fora.

11º) Febreiriño curto cos teus vinte e oito que se duras mais catro non queda nin can nin gato nin ovella pesperella

12º) Polo San Blás a cigüeña verás e se non a vés e porque moita neve vés.

13º) ¿Nordés escuro? vendaval seguro

# ~ ADIVIÑAS ~



1º) Cen fillos ten e todos con leite os mantén.

2º) Longa longuela, ten dentes e traba coma unha cadela.

3º) ¿Que cousa cousiña será que canto máis come máis delgada está?

4º) Teño medias e teño cartos e non teño diñeiro para comprar zapatos.

5º) Abril pendurril, maio granado, en San Xoán arado e pola Santa Mariña metido na arquiña.

6º) Cae dunha pena embaixo e non rompe e cae o río e rompe. ¿Que é?

7º) Voa e non ten ás, fala e non ten boca ¿Que é?

8º) Cae nunha pena e non rompe e cae o río e rompe.

9º) Anda e non ten pés come e non ten boca canta comida lle dan toda lle parece pouca.

10º) ¿Que é que é, unha cousiña branca sen porta nin tranca?

RESPOSTAS (1 figueira)(2 serra)(3 lima)(4 relaxio)(5 centeo)(6 papel)
(7, [illegible])(8; nar)(9, lume)(10; ovo

# ADIVIÑAS (1)




1 Fala sen boca anda sen pés bache na cara e non a vés?

2º Unha señorita moi enseñoritada con moitos remendos e ningunha puntada ¿Que é?

3º Unha arquiña de bon parecer; non hai carpinteiro que a sepa facer.

4º ¿Que e que e, do tamaño de noz que sube a costa e non ten pés?

5º No alto vive no alto mora no alto texe a texedora ¿Que é?

6º ¿Que cousa e que canto máis seca máis mollada está?

7º Ten mans e non escribe anda e máis non ten pes se non o adiviñas ben burro és?

8º Que é unha cousa que canto mais longa menos se ves

RESPOSTAS (1, vento) (2, pita) (3, noz) (4 caracol) (5 araña) (6 toalla) (7, brazos) (8º noite)



# ADIVIÑAS



1º ¿Que fai un burro ó sol?

2º ¿Que é unha cousa que nace no monte vai para a casa e rifa ca nai?

3º Unha señorita moi enseñoritada sempre vai no coche e sempre vai mollada. ¿Que é?

4º Para bailar póneme a capa para bailar hanma sacar; eu bailo sen levar capa e sen capa non poido bailar.

5º Nace no monte bebe na fonte ven para a casa bailar coa rapaza?

6º Vive na montaña dúas sílabas ten e polos dous lados o mesmo se le

7º Dúas torres altas dous miradores un espantamoscas e catro andadores

8º Eu subin a unha pereira que tiña peras nin comin peras nin baixei peras, nin deixei peras.

(7. vaca) (8. unha)

RESPOSTAS: (1. sombra) (2. luz) (3. lingua) (4. peonza) (5. gaita) (6. oso)

# POESIA: ARCO DA VELLA



A raiola do sol
foi abrindo
nas nubes vereda;
e chegando
as pingotas da auga
trocounas en perlas
que brillando
coa luz bruligaban
brincando
entre as herbas.



## ERA UNHA FOLLA

Era unha folla muchada
barrida do vendaval;
caeu na doira que baix
bruadora cara o val;
a doira levouna ó río,
ó río levouna o mar
e a branca escuma
enterrouna na alba
área do areal

## A PRIMAVERA



As árbores espidas
de froito e ramaxe,
cubertas xa de folla
comenzan a dar flor;
e á sombra agachapado
de prácida follaxe
mentres que o gando garda
fai chifros o pastor.

Xa de amarelo e branco
se pintan os outeiros,
xa nacen nas silveiras
as flores de San Xoán;
xa crecen nos valados
as hedras e os loureiros,
xa ten carroucho o millo,
xa as vidas gromos dan.

# POESIA:

# ¡LEVÁNTATE! NÉBOA

¡Levántate, néboa,
do bico da serra!
Aí vén San Martiño
no seu carballiño,
que te ha de levar,
que te ha de pousar
na terra do mar.



# Pasatempos

## Crucigrama




## Cruciletras




## Os días da semana.



# Pasatempos

## Sopa de letras

FABCDFOMRNÑCC
OXAMONZCIDCO
PSVZDFILLOAS
ATXAAFRGCHIT
RUIBGXUKSLNC
TOUCINONÑOPL
QRSTEUHUXIZA
ABDGHKCNÑQRS
CEFILLMOPSTU

Xamón, Touciño
FIGADO, Filloas,
Costelas, riles,

# Enchede as arbores

Primavera Verán Outono Inverno



Xaneiro
Febreiro
Marzo
Abril
Maio
Xuño
Xulio
Agosto
Setembro
Outubro
Novembro
Decembro

# Palabras desordeadas

Ñacoru ......
Golu ....
Saoren ....
Drapontere ....

Ponlle nomes a cada un dos debuxos que lle corres






APRENDAMOS XOGANDO

¿Cál e o pico mais alto da Peninsula?

Sierra de Gredos
Cabeza de Manzaneda
Pico de Aneto
Teide
Moncayo
Mulhacén



¿Subraya os diptong




Escribe nos puntiños

| Diminutivo | | Aumentativo |
|---|---|---|
| ........... | PERRO | ........... |
| ........... | GATO | ........... |



Escribe na linea de puntiños palabras derivadas de flor



XOGOS: "A OCA"



## Reglas do xogo

Os xogadores tiran os dados e o que lle saia mais puntos e o primeiro, e asi os outros

- O primeiro tira os dados e move a oca contando os números ata acabar a conta dos dados.

O gañador e o que chegue primeiro coa sua oca a casilla número sesenta e tres.

Pero no xogo da oca tamen hai obstaculos por exemplo:

O albergue. o que cae no albergue perde dous turnos.

O puente, o que cae no puente avanza a casilla número doce.

O pozo, o que cae no pozo perde tres turnos a non ser que sea rescatado por outro xogador a sua

O laberinto, o que cae no laberinto retroce a casilla número trinta.

A prisión, o que cae na prisión ten que estar ali ata ser rescatado por outro xogador a súa ve.

A oca, o que cae na oca, avanza a sua oca a nova casilla e volve tirar.

O esqueleto, o esqueleto fai retroceder a casilla número un.

# - O Truque - Xogo

Xogadores: Todos os que queiran
Modo de xogar:
Primeiro fanse 6 rectangulos, partense po-lo medio o cuarto e o sexto. Despois tiranse pedras os rectangulos empesando polo primeiro se che queda ben segues, e se che queda na raia perdes. E segue xogando outro, despois seguese xogando ata terminar os rectangulos.



# O TOMATE BUSCA ÁMIGOS

